

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público Nº 2/2016, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBXECTO


O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I, II, e III da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I, II, e III da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.



3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo IV desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por: Presidente:

Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I ,II, e III destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que se figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 5 de febrero de 2016

Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey

ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1603 Catálise Organometálica
Referencia da actividade:	2014-PG088
Centro de traballo:	CIQUS
Investigador principal:	Saa Rodríguez, Carlos Eugenio

Número de prazas:	Dúas
--------------------------	------

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar : Ciclacións de amidinas e guanidinas catalizadas por rodio

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	650,00 €
Previsión da duración do Contrato*	10 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia previa en laboratorio co manexo dos compostos requeridos, 70 puntos. Expediente de titulación de Grao e Máster, 20 puntos. Entrevista persoal aos tres candidatos mellor valorados, 10 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1696 NEUROCIENCIAS CLÍNICAS
Referencia da actividade:	2014-PG095
Centro de traballo:	Medicina e Odontoloxía
Investigador principal:	Castillo Sánchez, José Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Desenvolvemento de estudos de enfermidade cerebrovascular. Estudos de neuroprotección e neuroreparación e estudos clínicos observacionais de enfermidade cerebrovascular.

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1556,20€
Previsión da duración do Contrato*	11 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Bioloxía
MERITOS:	<p>Máster oficial en Neurociencias., 15 puntos. Formación en manexo de animais para experimentación, 15 puntos. Experiencia demostrada (publicacións ou similar) en modelos animais de isquemia cerebral, 10 puntos. Participación en proxectos de I+D na área de patoloxía vascular cerebral, 10 puntos. Coñecementos en bioinformática, 10 puntos. Coñecemento demostrado en análise estatístico, 10 puntos. Certificado B1 de Inglés, 10 puntos. Entrevista persoal (entrevistarase 1 única vez aos 3 candidatos mellor valorados que obteñan unha puntuación mínima de 40 puntos nos méritos anteriores)., 20 puntos.</p>

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1837 Unidade de Xestión Forestal Sostible
Referencia da actividade:	2014-PG099.00
Centro de traballo:	Escola Politécnica Superior
Investigador principal:	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Medición e mantemento de parcelas de ensaio, toma de mostras e procesado

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1125,00€
Previsión da duración do Contrato*	3 meses e 1 día
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	FP II - Ciclo Superior en Técnico superior de xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos
MERITOS:	Cursos de prevención en riscos laborais e específicos en traballos forestais con motoserra, 30 puntos. Experiencia previa en medición e mantemento de parcelas de ensaio de arborado, localización de parcelas da rede da UXFS e conducción vehículo todoterreno, 50 puntos. Formación en manipulación de produtos fitosanitarios e en defensa contra incendios, 20 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GPC GI-1416. Unidade de investigación en prevención e tratamento de problemas de conduta UDIPRE
Referencia da actividade:	2015-PG009
Centro de traballo:	Psicoloxía
Investigador principal:	Romero Triñanes, Estrella

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: estudos lonxitudinais a longo prazo, xestión e análise de datos lonxitudinais, xestión de contactos con axentes de intervención social

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1250,00€
Previsión da duración do Contrato*	5 meses e 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Psicoloxía
MERITOS:	Experiencia acreditada en proxectos de investigación lonxitudinais sobre problemas de conduta, 40 puntos. Publicacións con datos lonxitudinais en problemas de conduta, 40 puntos. Expediente académico en licenciatura/grao Psicoloxía, 20 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1806 Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.
Referencia da actividade:	2014-PG061.00
Centro de traballo:	Psicoloxía
Investigador principal:	Cadaveira Mahía, Fernando

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Preparación de estímulos e programación de novas tarefas para a adquisición de imaxes de resonancia magnética. Poñer a proba as tarefas deseñadas mediante un estudio piloto conductual

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	780,00€
Previsión da duración do Contrato*	2 meses y 26 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Psicoloxía
MERITOS:	Experiencia coa técnica de IRMf, 40 puntos. Experiencia en investigación sobre procesos atencionais, 20 puntos. Estudios oficiais de postgrao no ámbito das Neurociencias, 20 puntos. Entrevista persoal aos candidatos que acaden unha puntuación igual ou superior a 60 nos apartados anteriores, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1806 Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.
Referencia da actividade:	2014-PG061.01
Centro de traballo:	Psicoloxía
Investigador principal:	Cadaveira Mahía, Fernando

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Preparación de estímulos e tarefas atencionais e de memoria para o rexistro de potenciais evocados de cara a súa aplicación nunha investigación sobre os efectos do consumo de alcohol en xente moza

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	780,00€
Previsión da duración do Contrato*	3 meses y 19 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Psicoloxía. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Expediente académico, 40 puntos. Experiencia en investigación sobre procesos atencionais e de memoria, 20 puntos. Estudios oficiais de postgrao no ámbito das Neurociencias, 20 puntos Entrevista persoal aos candidatos que acaden unha puntuación igual ou superior a 60 nos apartados anteriores, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1648 Sistemas silvopastorais SILVOPAST
Referencia da actividade:	2015-PG021
Centro de traballo:	Escola Politécnica Superior
Investigador principal:	Rigueiro Rodríguez, Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Realizar ensaios de xerminación de malas herbas da muralla e de inhibición da xerminación con bioherbicidas, Realizar ensaios nas paredes da muralla de control da flora vascular adventicia con bioherbicidas, Análise de datos, tratamento de datos, elaboración de informes

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1200,00€
Previsión da duración do Contrato*	10 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Enxeñeiro de Montes. Estar matriculado nun Programa de doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en traballo en investigación sobre o control por medios mecánicos, químicos e mediante bioherbicidas da flora vascular colonizadora de paredes de lousa de monumentos, 40 puntos. Experiencia en ensaios en laboratorio de xerminación de sementes de malas herbas e de inhibición da xerminación mediante bioherbicidas, 35 puntos. Entrevista persoal aos 5 mellores candidatos 25 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Transformación de fármacos e outros contaminantes emerxentes no medio acuático.EMERXENTES
Referencia da actividade:	2014-PG005
Centro de traballo:	Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias
Investigador principal:	Rodil Rodríguez, Maria del Rosario

Número de prazas:	1 dúas
--------------------------	--------

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Desenvolver protocolos de tratamentos oxidativos avanzados en laboratorio, Realizar estudos de estabilidade de contaminantes emerxentes baixo tratamentos oxidativos avanzados, Identificación de produtos de transformación

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	626,00€
Previsión da duración do Contrato*	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en cromatografía acoplada a espectrometría de masas de alta resolución, 20 puntos. Experiencia en estudos oxidativos e identificación de produtos de transformación, 20 puntos. Master en Química Avanzada ou equivalente, 10 puntos. Entrevista personal (realizárase as 4 persoas con maior puntuación nos méritos anteriores), 50 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1809 Biodiversidade e botánica aplicada BIOAPLIC
Referencia da actividade:	2015-PG023
Centro de traballo:	Escola Politécnica Superior
Investigador principal:	Aira Rodríguez, María Jesús

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Catalogación e complementación dun conxunto de indicadores dendrocronolóxicos e anatómicos relacionados co cambio climático en Galicia

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1170,00€
Previsión da duración do Contrato*	10 meses y 22 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Bioloxía , Enxeñería de Montes
MERITOS:	Doutor/a con tese realizada en dendrocronoloxía e/ou anatomía cuantitativa de madeira, 35 puntos. Experiencia laboral e participación en proxectos de investigación relacionada con estudos de anatomía da madeira e dendrocronoloxía, 25 puntos. Producción científica (publicacións, comunicacións, etc.) relacionada coa temática do traballo a realizar, 20 puntos. Outra experiencia investigadora (informes científicos, organización de congresos, dirección de traballos de Fin de Carreira/Máster...), 15 puntos. Formación académica ou laboral de relevancia para o traballo (coñecementos de Botánica e Ecoloxía Vexetal, idiomas, experiencia en xestión de grupos), 5 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1837 Unidade de Xestión Forestal Sostible
Referencia da actividade:	2014-PG099 e 01
Centro de traballo:	Escola Politécnica Superior
Investigador principal:	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: ensaios de laboratorio para a determinación da densidad de probetas de madeira de *Laurus nobilis*

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	780,00€
Previsión da duración do Contrato*	2 meses e 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Enxeñeiro/a Técnico/a en Explotaciones forestales
MERITOS:	Experiencia profesional en empresas ou organismos públicos de servizos en elaboración de documentos técnicos como enxeñeiro técnico forestal ,20 puntos. Proyecto fin de carreira relacionado con determinación de propiedades físicas da madeira, 50 puntos. Traballos previos en laboratorio con probetas de madeira de frondosas, 30 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1581 Ciclometalación
Referencia da actividade:	2015-PG022.00
Centro de traballo:	Química
Investigador principal:	Vila Abad, José Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis e caracterización de compuestos ciclometalados derivados de ferroceno

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	800,00€
Previsión da duración do Contrato*	12 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en Preparación de derivados de ferroceno funcionalizados., 35 puntos. Experiencia en Síntesis de paladicos de ferroceno mono e dimetilados con fosfinas edifosfinas., 40 puntos. Entrevista personal (unicamente realizarase a aqueles candidatos que superen unha puntuación de 60 puntos nos apartados anteriores)., 25 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1581 Ciclometalación
Referencia da actividade:	2015-PG022.01
Centro de traballo:	Química
Investigador principal:	Vila Abad, José Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Preparación de metalaciclos transicionales heteromultinucleares

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	800,00€
Previsión da duración do Contrato*	6 meses e 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en Preparación de metalaciclos de paladio e platino con fosfinas funcionalizadas., 35 puntos. Experiencia Síntesis de paladaciclos heteromultinucleares con molibdeno e wolframio., 40puntos. Entrevista personal (unicamente realizarase a aqueles candidatos que superen unha puntuación de 60 puntos nos apartados anteriores), 25 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1581 Ciclometalación
Referencia da actividade:	2015-PG022.02
Centro de traballo:	Química
Investigador principal:	Vila Abad, José Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis de compuestos ciclometalados con grupos borónicos e adicións catalíticas

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	800,00€
Previsión da duración do Contrato*	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en Síntesis de metalaciclos con grupos borónicos 3 fosfinas terciarias., 40 puntos. Experiencia Paladaciclos multinucleares con metais de transición con tiosemicarbazonas., 35 puntos. Entrevista personal (unicamente realizarase a aqueles candidatos que superen unha puntuación de 60 puntos nos apartados anteriores), 25 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación 2015 GRC GI-1581 Ciclometalación
Referencia da actividade:	2015-PG022.03
Centro de traballo:	Química
Investigador principal:	Vila Abad, José Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Preparación y caracterización de compuestos ciclometalados con iminofosforanos 3 fosfinas terciarias

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	800,00€
Previsión da duración do Contrato*	12 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en síntesis de iminofosforanos ciclometalados con paladio e platino., 35 puntos. Experiencia en síntesis de iminofosforanos ciclometalados con fosfinas., 40 puntos. Entrevista personal (realizaráse únicamente a aqueles candidatos que superen unha puntuación de 60 puntos nos apartados anteriores)., 25 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC para o apoio ao programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario de Lugo
Referencia da actividade:	2016-AD003.00
Centro de traballo:	Veterinaria
Investigador principal:	González Cantalapiedra, Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Establecemento de protocolos de actuación en CEBIOVET asociados al diseño y desarrollo de modelos preclínicos aplicables en cirugía animal

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1750.00€
Previsión da duración do Contrato*	9 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Veterinaria
MERITOS:	Curso de capacitación en experimentación animal B, 10 puntos. Curso de Capacitación para operar/dirigir instalaciones de Rayos X, 10 puntos. Máster Universitario, 10 puntos. Acreditación de suficiencia Investigadora/Doctorado en Veterinaria, 20 puntos. Acreditación en la especialidad Cirugía de tejidos blandos, 10 puntos. Otros méritos en el área: Experiencia profesional Asistencia/participación en cursos o congresos Estancias realizadas en centros de prestigio Otra formación acreditable en experimentación animal Publicaciones, 20 puntos. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC para o apoio ao programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario de Lugo
Referencia da actividade:	2016-AD003.01
Centro de traballo:	Veterinaria
Investigador principal:	González Cantalapiedra, Antonio

Número de prazos:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Establecemento de protocolos de actuación en CEBIOVET asociados al diseño y desarrollo de sistemas de diagnóstico y tratamiento en medicina interna

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1750,00€
Previsión da duración do Contrato*	9 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	ITécnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Veterinaria
MERITOS:	Curso de capacitación en experimentación animal B, 10 puntos. Curso de Capacitación para operar/dirigir instalaciones de Rayos X, 10 puntos. Máster Universitario, 10 puntos. Acreditación de suficiencia Investigadora/Doctorado en Veterinaria, 20 puntos. Acreditación en la especialidad Medicina del Comportamiento, 10 puntos. Otros méritos en el área: Experiencia profesional Asistencia/participación en cursos o congresos Estancias realizadas en centros de prestigio Otra formación acreditable en experimentación animal Publicaciones, 20 puntos. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos 20 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC para o apoio ao programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario de Lugo
Referencia da actividade:	2016-AD003.02
Centro de traballo:	Veterinaria
Investigador principal:	González Cantalapiedra, Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Establecemento de protocolos de actuación en CEBIOVET asociados al diseño y desarrollo de modelos preclínicos aplicables al diagnóstico por imagen

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1750,00€
Previsión da duración do Contrato*	9 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Veterinaria
MERITOS:	Curso de capacitación en experimentación animal B, 10 puntos. Curso de Capacitación para operar/dirigir instalaciones de Rayos X, 10 puntos. Máster Universitario, 10 puntos. Acreditación de suficiencia Investigadora/Doctorado en Veterinaria, 20 puntos. Acreditación en la especialidad Diagnóstico por Imagen, 10 puntos. Otros méritos en el área: Experiencia profesional Asistencia/participación en cursos o congresos Estancias realizadas en centros de prestigio Otra formación acreditable en experimentación animal Publicaciones, 20 puntos. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da actividade:	2014-PG093
Centro de traballo:	CITIUS
Investigador principal:	Barro Ameneiro, Senén

Número de prazos:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Implementación dunha red neuronal baseada na arquitectura Inception para clasificación de imáxenes

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1.173,00€
Previsión da duración do Contrato*	7 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
MERITOS:	Coñecementos de visión por computador, 30 puntos. Experiencia en aprendizaxe automático, 30 puntos. Entrevista personal (soamente a aqueles candidatos que obteñan alomenos 80% dos puntos nos apartados previos), 40 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Biosensores de membrana para la identificación de biopolímeros. EMERXENTES
Referencia da actividade:	2014-PG012
Centro de traballo:	CIQUS
Investigador principal:	Amorín López, Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis de aminoácidos e péptidos

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	470,00€
Previsión da duración do Contrato*	4 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun Programa de doutoramento na USC
MERITOS:	Expediente académico, 30 puntos. Coñecementos sobre síntesis de aminoácidos e péptidos, 30 puntos. Entrevista persoal aos dous mellores candidatos , 40 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Plan de actuación 2015-2016 de CAMPUS TERRA
Referencia da actividade:	2015-AD009.00
Centro de traballo:	Area de Xestión e Valorización de I+D+i de Lugo
Investigador principal:	Javier Bueno Lema

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño e implantación de procesos de comunicación para o Plan de Promoción e Comunicación do Campus Terra (2015-AD009)

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	2000,00€
Previsión da duración do Contrato*	8 meses y 11 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a - Grao en Xornalismo, Comunicación Audiovisual con Inglés B1
MERITOS:	Experiencia laboral en actividades de comunicación e divulgación; xestión, mantemento e posicionamento de imaxe corporativa; xestión de medios, web e redes sociais, así como outras actividades relacionadas co traballo a realizar. 3 puntos. - Formación específica relacionadas co traballo a realizar: procesos e xestión da comunicación institucional; xestión, mantemento e posicionamento de imaxe corporativa; xestión de medios, web e redes sociais, así como 2 puntos. - Entrevista persoal. aos cinco mellores candidatos 5 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

